

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE
CURSO: 1º A DE E.P.
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
DEPARTAMENTO:
DATA: 07 – 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información esencial do texto.	1. Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado - CL
2. Coñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos	2. Utiliza dicionarios de imaxes do seu libro de texto. – CCL, CEC
3. Aplicar os coñecementos adquiridos a unha comprensión axeitada	3. Relaciona e identifica de forma axeitada palabras escritas coa imaxe correspondente. – CCL, CEC
4. Identificar o tema e sentido xeral en textos, tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos	4. Emprega as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para iniciarse na lectura - CD
5. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos	5. Copia palabras e expresións sinxelas. – CCL ,
6. Construir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo ou do seu entorno máis inmediato	6. Escribe algunhas palabras básicas, incluíndo debuxos ou fotografías. – AA, CCL

Os códigos que identifican as competencias básicas do alumnado, e aparecen xunto aos estándares de aprendizaxe, son os seguintes:

CCL = Competencia en comunicación lingüística.

CM = Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD = Competencia dixital.

AA = Aprender a aprender.

CSC = Competencias sociais e cívicas.

SIEE = Senso de iniciativa e espírito emprendedor.

CEC = Conciencia e expresión culturais.

.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos para o terceiro trimestre:</p> <p>A avaliación pasa a ser tida en conta só en produccións individuais (elimínanse as tarefas en parella ou grupo, con carácter avaliabile, dada a dificultade que podan ter os alumnos/as) , aínda que tentando de axustarse o máis posible á Avaliación proposta na Programación Anual da Área, a principio de curso.</p> <p>Faráse a observación e o seguimento sistemático do alumnado coas imaxes e envíos de materiais aportados polas familias. Todo isto, por medio dun ficheiro individual e nominal de cada alumno/a.</p> <p>Crearase tamén un registro anecdótico persoal onde se recollerán aspectos destacados e puntuais do proceso e todo o relativo á comunicación e relación coas familias. Valorarase especialmente a participación e esforzo do alumnado por seguir o seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>Por outra banda, avaliarase tamén a propia práctica docente e o desenvolvemento e adecuación das programacións</p> <p>..</p> <p>Consideraranse todas as produccións enviadas ao correo electrónico da mestra, así como as enviadas ao seu titor.</p> <p>Avaliaranse, asimesmo, a actitude de aprendizaxe, e a auto-avaliación.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -- Observación sistemática do traballo de cada alumno/a, por medio do envío dos materiais semanais para corregir. – Seguimento do traballo realizado: fichas, activity book, búsqueda de materiais, actividades plásticas,.... <ul style="list-style-type: none"> – Comprobación da súa participación nas actividades, por medio dos envíos.. – Diálogos directos cos alumnos/as, no caso da posibilidade de videoconferencias por medio de Webex.. – Recollida de datos no control de registro individualizado. – Rúbricas
Cualificación final	<p>En coordinación co titor deste grupo, baseándonos nas instrucións proporcionadas pola Consellería de Educación en relación ao desenvolvemento do terceiro trimestre, e tomando como referencia o establecido na programación didáctica deseñada a comezo do curso actual, con carácter xeral, a cualificación final será a media entre as cualificacións obtidas na primeira e a segunda</p>

avaliación non podendo ser, en ningún caso, **inferior a esta**.

Naqueles casos de alumnos ou alumnas que ao longo do terceiro trimestre e, cos medios establecidos para dito fin, demostrasen un rendemento académico notable poderá incrementarse a cualificación final.

3.	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)
Actividades	<p>1 - Fichas de encher con palabras de vocabulario dadas, que o alumnado xa coñece, ou pode consultar nos seus libros de texto, xa nas casas.</p> <p>2 – escoita e visualización de historias e cancións traballadas na aula, ou que apoiem a adquisición de vocabulario básico, por medio de enlaces a páxinas web.</p> <p>3 – Traballos manuais e de creatividade, que permitan ao alumnado disfrutar e relaxarse nas súas casas, nesta situación especial que están a vivir.</p> <p>4 – escoita do CD do alumno, coas cancións e as historias do libro.</p> <p>5 – Trballo nos libros do alumnado, de repasado, coloreado, recortado, escritura, debuxo, ou simplemente consulta.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, polo que ese será o obxectivo de calquera tipo de actividade levada a cabo por canles diferentes aos da aula presencial. <p>Teráse sempre en conta o diferente ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a, así como as posibles faltas de conexión de rede que se podan dar, sempre que xa se coñeceu que todo o alumnado ten conexión a Internet, cando menos, por medio dun teléfono móbil da familia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, tentando de relacionar a situación de traballo desde a casa cos contidos expostos nas actividades, sempre que sexa posible. - Considerarase o progreso, pero tamén o erro Como algo natural no proceso de aprendizaxe, e moi especialmente nesta situación. - A posibilidade de seguimento das actividades, é posible desde o móbil, polo que non é preciso o traballo desde o ordenador nin a impresora. Daráselle ao alumnado sempre a posibilidade de facer todo en follas aparte, en debuxos ou de xeito plástico. - Para a observación do traballo en tempo real e a consulta de dúbidas, é posible a utilización de ferramentas de videoconferencia, sendo de uso prioritario a facilitada pola Consellería de

	Educación, CISCO Webex
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Student´s Book e Activity Book do alumnado - CD do alumnado - Páxina web www.richmondelt.com - Páxinas web de traballo en inglés - Cancións e vídeos na plataforma Youtube - Teacher´s Book (Student´s + Activity + CD) - Teacher´s resource Book (mat. adicional) - Acceso á páxina web da Editorial Richmond (para familias e profesorado) - Acceso a e-vocación (plataforma da Editorial Santllana-Richmond para docentes) - Materiais de expresión plástica e artística

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O envío de materiais de reforzo e ampliación publicaráse na páxina web do centro, así como se lle enviará ao titor para colgala no seu blog.</p> <p>A recepción dos materiais, así como a corrección dos posibles erros do alumnado, enviaráselles ás familias por medio do correo electrónico das mesmas.</p> <p>As notificacións de algún caso específico que valorar, que requira urxencia, ou sexa de especial interese, poderán facerse por medio de Whatsap, mensaxe ou videoconferencia, neste caso co titor tamén, preferiblemente..</p>
Publicidade	<p>Na páxina web do centro publicaránse estas modificacións á Programación.</p> <p>A mestra de Inglés comunicará a cada titor/a polo medio máis sinxelo e rápido, por medio dunha chamada telefónica ou, no seu defecto, mensaxe de wassap e correo electrónico, , o momento no que estas modificacións teñan aparecido en dita páxina web, para que sexan informadas todas as familias, e así podan consultar os cambios.</p>

Asinado: María Belén Vizoso García. Maio 2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 7 DE 9	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

